

Inaugúranse en Mozambique as casas resilientes construídas polo Fondo Galego e a Xunta

Catro familias vulnerables encabezadas por mulleres recibiron oficialmente as vivendas resistentes aos ciclóns na vila de Boane

Pontevedra, 16 de abril de 2025. Catro mulleres xefas de familia recibiron onte na vila mozambicana de Boane as chaves doutras tantas **vivendas resilientes ao cambio climático** financiadas pola Xunta de Galicia e o [Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade](#), en colaboración coa Asociación Nacional de Municipios de Mozambique (ANAMM). As autoridades locais oficializaron a entrega das casas, nas que un total de **vinde persoas en situación de vulnerabilidade**, entre elas varias vítimas de violencia de xénero, poderán vivir sen o risco que supoñen os furacáns que habitualmente asolan o país africano.

Rita Macuacua, Laurida Siteo, Regina Celina e Rita Bacião, de entre 28 e 47 anos, encabezan familias con ata catro fillos que vivían en infravivendas situadas en zonas inundables, afectadas por diferentes ciclóns nos que o perderon todo. A propia **comunidade identificou as persoas beneficiarias** deste proxecto de cooperación internacional para o desenvolvemento, no que o Fondo Galego e a Xunta investiron **42.000 euros**. Ademais, a veciñanza implicouse prestando servizos como limpeza do terreo, auga, etc.

Durante o acto, o presidente da ANAMM agradeceu a solidariedade das institucións galegas e salientou a **colaboración dos nosos municipios a través do intercambio de experiencias** e da cooperación en áreas como o deporte, igualdade ou finanzas. Pola súa banda, a alcaldesa de Boane, Geraldina Bonifácio, destacou a **dotación de servizos básicos, como a auga e a electricidade**, que complementan as vivendas inauguradas na vila.

A iniciativa levou aparelada a formación de persoal técnico dos municipios de Boane, Manhiça e Namaacha en construción de infraestruturas resilientes ao cambio climático. A **capacitación foi impartida por ONU Hábitat** segundo os criterios que tamén se empregaron para erguer as catro casas -elevación sobre o terreo, circulación dos ventos, etc.-, e completouse cun manual cos pasos a seguir. En paralelo, **sensibilizouse á poboación local** sobre o perigo de ocupar zonas pantanosas e creáronse comités cidadáns para a xestión de riscos, en coordinación co Instituto Nacional de Xestión e Redución de Desastres.

A recepción oficial das vivendas resilientes demorouse no tempo debido á inestabilidade social e política en Mozambique, se ben as familias xa levan varios meses residindo nelas. Así **o puido comprobar a delegación Fondo Galego** de Cooperación e Solidariedade que o

pasado mes de outubro [se desprazou ao país lusófono](#) para supervisar os proxectos alí apoiados. O presidente da entidade e alcalde de Nigrán, Juan González; o tesoureiro e alcalde das Neves, José Manuel Alfonso, e mais a vogal e ex concelleira de Benestar Social en Viveiro, Lara Fernández, tiveron a oportunidade de conversar coas mulleres beneficiarias e comprobar o impacto que a actuación tivo na mellora da súa calidade de vida.

Ao mesmo tempo, víronse reforzadas as capacidades dos municipios na xestión de crises provocadas polo cambio climático, en liña co ODS 11, que avoga por asentamentos humanos máis inclusivos, seguros, resilientes e sustentables. Cómpre apuntar que Mozambique está considerado un dos países máis **vulnerables perante o cambio climático**.

Un dos países máis empobrecidos

Mozambique ten experimentado avances considerables desde os Acordos de Paz de 1992, pero o seu Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) segue a ser un dos máis baixos do planeta, ao ocupar o posto 183 entre os 193 contemplados. **A pobreza atinxe ao 74,5% da poboación**, especialmente as mulleres, mentres que a esperanza de vida se sitúa nos 60 anos. Os datos de alfabetización, mortalidade infantil e VIH son tamén alarmantes.

No entanto, trátase dun país cun gran potencial e existen iniciativas locais desde as que se loita cada día por reverter a situación. Nas últimas dúas décadas, o propio Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ten apoiado en Mozambique **24 proxectos**, que supuxeron un investimento de **máis de 535.000 euros**. Así mesmo, desde 2016, enviou xa unha decena de traballadoras e traballadores de deputacións e concellos socios a colaborar cos parceiros en terreo, a través do programa de cooperación técnica [Especialistas en Cooperar](#).

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 115 concellos e as catro deputacións de Galicia, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur Global e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. **Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega**, o Fondo Galego vai cumprir 28 anos tendo apoiado uns 200 proxectos en máis de trinta países e promovendo numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur e a Axenda 2030.

ÁREA DE COMUNICACIÓN

Carmen Novas 604 040 890

comunicacion@fondogalego.gal



Oficina Técnica do Fondo Galego

Tel. 698 144 536

www.fondogalego.gal